



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

ASUNTO: APROBACIÓN PROXECTO E INICIO CONTRATO DE OBRAS: HABILITACIÓN E MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS DO PARQUE EMPRESARIAL DA LARACHA

EXPEDIENTE: 2024/G003/000923

Desde esta alcaldía vese a necesidade de realizar as actuacións para a mellora dos accesos ao Parque Empresarial da Laracha para dispoñer dunhas condicións máis competitivas para o desenvolvemento da actividade económica, fomentando así a implantación e a fixación de empresas.

Para a financiación da dita obra foi concedida unha subvención ao abeiro da orde do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da comunidade autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento IN519B)

A actuación que se pretende realizar nesta actuación afecta a varias parroquias do Concello da Laracha, provincia da Coruña, entre elas, Lendo e Cabovilaño.

A proposta que se presenta pretende mellorar as infraestruturas actuais, mellorando as dotacións do Parque Empresarial da Laracha.

Redáctase o proxecto titulado “*HABILITACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS DO PARQUE EMPRESARIAL DA LARACHA.*”, asinado polo arquitecto Gonzalo García Martínez de Arqub 27 Estudio por un importe de 212.761,38 euros.

O proxecto ten por obxecto a definición, descrición e valoración do actuacións a desenvolver co fin de ter unhas condicións máis competitivas para o desenvolvemento da actividade económica, promovendo así a implantación e fixación de empresas





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Consta no expediente informe da arquitecta técnica municipal, no que se pon de manifesto que o terreo polos que discorre a actuación son de titularidade municipal, así como que as obras previstas cumpren coa legalidade urbanística, que se trata dunha obra completa susceptible de ser entregada ao uso xeral público en cumprimento da LCSP e que non é necesaria a supervisión do proxecto. Constan tamén as autorizacións necesarias.

Emitidos os informes pola Intervención e a Secretaría da Corporación, e visto o prego de cláusulas administrativas e os cadros de características dos contratos e anexos ao obxecto de proceder á contratación referida, de conformidade co establecido nos artigos 117 e 231 e coa disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de contratos do sector público, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto técnico para a execución da obra “HABILITACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS DO PARQUE EMPRESARIAL DA LARACHA” por importe de 212.761,38 euros (175.835,85 mais IVE: 36.925,53) redactado polo arquitecto Gonzalo García Martínez de Arquib 27 Estudio.

SEGUNDO.- Aproba-lo expediente de contratación cos seus respectivos cadros de características e anexos de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación, e aprobar os gastos correspondentes, así como dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación polo procedemento simplificado conforme ao artigo 159 da Lei de contratos do Sécutor Público.

TERCEIRO.- Acordar, segundo o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá este contrato, que o único criterio de adxudicación será o prezo.

CUARTO.- Publicar a licitación na Plataforma de contratos do Estado.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretaria, Marta Vázquez Garea, dou fe.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

